



## A traxedia de Paquistão

### Description



**A incerteza que se abre agora respecto ao futuro inmediato é enorme, primando como hipótese unha dinámica de consolidación do intervencionismo político das poderosas forzas armadas, inevitablemente aceptado no exterior como mal menor para conter e reprimir aos sectores máis radicais.**  
(Foto: Policía paquistanesa diante dun póster de Benazir Bhutto, o 29 de decembro en Rawalpindi).

O asasinato de Benazir Bhutto ven a agravar de xeito alarmante a inestabilidade política de Paquistão, ameaza con activar unha violencia incontrolada no país e con afondar e expandir a crise en boa parte de Asia, especialmente en Afganistán, alentando o auxe das forzas islamitas e as tendencias centrifugas e incrementando, proporcionalmente, a preocupación na maior parte dos países da rexión, especialmente na veciña India. Por outra banda, o atentado deixou na máis absoluta precariedade a estratexia estadounidense nun país clave na rexión.

As eleccións do próximo 8 de xaneiro deberán servir para dar un respiro á crise en que vivimos inmerso o país dende as eleccións de outubro último, auspiciando unha delicada e complexa estratexia de recambio, pactada coa mediación de Washington, co fin de seguir mantendo baixo control ao islamismo radical, a principal preocupación de todos. A incerteza que se abre agora respecto ao futuro inmediato é enorme, primando como hipótese unha dinámica de consolidación do intervencionismo político das poderosas forzas armadas, inevitablemente aceptado no exterior como mal menor para conter e reprimir aos sectores máis radicais. Non obstante, esta estratexia, esixida por EEUU moi especialmente despois do 11S, é a que levou a esta canella sen saída, cun incremento palpable das simpatías cidadáns polos sectores máis intransixentes ante a incapacidade do goberno para proporcionar estabilidade, satisfacer as demandas básicas e mesmo para acoutar o papel daqueles instrumentos (as Madrasas ou escolas coránicas) que foron gañando terreos ás tendencias máis seculares e modernizadoras, mesmo entre a casta militar.

Con ou sen uniforme, a estratexia de Musharraf para establecer en Paquistán unha democracia estable ofrece numerosas sombras, dadas as moitas limitacións que connotaban o proceso, reiteradamente denunciadas polos seus rivais políticos. Agora, sen deixar de ser cuestionado dentro do país e coa natural desconfianza da maior parte da comunidade internacional, o labirinto no que se atopa probablemente conducirá a un novo endurecemento do rexime arredor do poder militar que gañará en proxección política e significación económica a cambio de impedir un agravamento da precariedade actual, unha misión difícil nunha polvareira onde cada día se disocian máis os intereses da maioría social e as necesidades estratégicas exteriores que recean ata dos seus máis incondicionais aliados.

[Acceso ao artigo orixinal no repositorio web 1998-2012](#)

## APARTADOSTEMATICOXEOGRAFICOS

Asia ARQUIVO

## IDIOMA

Galego

## Date Created

Xaneiro 2, 2008

## Meta Fields

**Autoria :** 3717

**Datapublicacion :** 2008-01-02 00:00:00